

A â paz do sÃculoâ de Trump

Description

“É a paz do século”. Fiel a súa estridencia e grandilocuencia, así cualificou Donald Trump o principio de acordo presentado este 28 de xaneiro en Washington, orientado a eventualmente concretar unha solución de “dous Estados” entre Israel e Palestina. Pero alén do “histórico” dun acordo unilateral que beneficia claramente ao seu aliado israelí, o mesmo ten obvios resortes xeopolíticos para EUA. Como sucedera co asasinato do xeneral iraniano Qossem Soleimani en Bagdad, Trump da outro golpe efectista en política exterior nun 2020 electoralmente decisivo para el, cun *impeachment* en pleno curso.

“É a paz do século”. Fiel a súa estridencia e grandilocuencia, así cualificou Donald Trump o principio de acordo presentado este 28 de xaneiro en Washington, orientado a eventualmente concretar unha solución de “dous Estados” entre Israel e Palestina. Pero alén do “histórico” dun acordo unilateral que beneficia claramente ao seu aliado israelí, o mesmo ten obvios resortes xeopolíticos para EUA. Como sucedera co asasinato do xeneral iraniano Qossem Soleimani en Bagdad, Trump da outro golpe efectista en política exterior nun 2020 electoralmente decisivo para el, cun *impeachment* en pleno curso.

O momento era así oportuno para as intencións de Trump, sobre todo á hora de medir as reaccións doutros actores relevantes. O seu gran rival xeopolítico global, China, está demasiado ocupado polos efectos humanitarios causados polo brote do virus coronavarius, que xa ten causado mais dun centenar de mortes e que incluso ten chegado a Europa e Canadá.

Pola súa banda, Europa está pendente da posta en marcha do Brexit o próximo 31 de xaneiro. Rusia ven de ralentizar a súa case hexemónica posición no espazo de Oriente Medio e o Mediterráneo, alcanzando unha paz en Libia que provocou roces co seu aliado turco, país membro da OTAN. E Irán aínda está en conmoción tralo golpe sufrido coa caída de Soleimani, as tensións con Washington e as críticas internacionais tralo derrubido do avión ucraíno.

Obxectivo 1: o amigo israelí

Trump tiña un as baixo a manga e Palestina, símbolo histórico de conflitos en Oriente Próximo, semellaba darlle unha saída. Velaí que o acordo unilateral plasmado con Israel obsérvase, mais ben, como unha especie de ultimátum por parte de Trump, ansioso por alcanzar logros en política exterior que eventualmente aseguren o seu capital político interno.

O seu mediador na rexión é o seu xenro, Jared Kushner, recibido con receo polos palestinos e o mundo árabe ademais de certos sectores dentro do Departamento de Estado en Washington. Non obstante, este acuerdo visualízase co selo persoal de Kushner.

Acompañado polo primeiro ministro israelí Benjamín Netanyahu, Trump falou de “oportunidade histórica” e de “última oportunidade que terán para a paz”. Unha retórica que mestura advertencia apocalíptica con presión diplomática. Con isto, calculou con certa destreza os tempos e o momento oportuno para anunciar este acuerdo, toda vez o mundo está observando a conmemoración do 75º aniversario da liberación do campo de concentración de Auschwitz (Polonia), coincidindo co Día Internacional da Conmemoración do Holocausto. Unha conxuntura de enorme carga moral que denota igualmente que o acordo unilateral de Trump foi precisamente trazado polo poderoso lobby israelí en EUA.

Paralelamente, Trump calculou con exactitude como pode quedar o mapa xeopolítico en Oriente Próximo se este acordo, finalmente, logra cristalizarse. E para iso precisa deixar ben parado ao seu principal aliado rexional: Israel.

Netanyahu, principal aliado rexional de Trump, sométese a principios de marzo e por terceira vez en menos dun ano a unhas novas eleccións xerais, onde pode quedar definitivamente fóra do poder. Acosado por escándalos de corrupción, Netanyahu precisa igualmente dun “golpe de efecto” como o de Trump, neste caso cun acordo de paz para Palestina.

Outro aspecto é o escenario palestino e rexional. O presidente da Autoridade Nacional Palestina (ANP), Mahmud Abbas, está en idade avanzada e a dirixencia palestina precisa igualmente dunha renovación. Siria é unha especie de protectorado ruso onde Irán incluso perdeu certa capacidade de manobra, evidenciado coa morte de Soleimani. Líbano e Iraq son

escenarios volÃ¡tis, actualmente en calma tensa e, no caso iraquÃ­, moi pendente do pulso de Trump con IrÃ¡n.

Neste contexto, o tema palestino estaba prÃ¡cticamente estancado, sen aparentes posibilidades de reactiva-lo. Ata que foi precisamente Trump quen o “resucitou” para mete-lo na axenda global dunha forma tan inesperada como intempestiva, nunha manobra sumamente calculada co seu aliado israelÃ­.

Esta perspectiva tradÃºcese no propio tÃ­tulo do acordo, “The Vision”. Trump albisca un posible Estado palestino baixo unha especie de tutela israelÃ­, que comprenderÃ­a os territorios de Cisjordania e a Franxa de Gaza, conectados por tÃºneles co Val do XordÃ¡n pero baixo control militar israelÃ­. O acordo, por tanto, ten tÃ³dolos visos de compracer as esixencias de Netanyahu e do estamento polÃ­tico-militar israelÃ­, toda vez os palestinos amosan un contexto de debilidade polÃ­tica.

“The Vision” conxela durante catro anos a construcciÃ³n de novos asentamentos para poder dar curso Ã soluciÃ³n dos “dous Estados”. Non obstante, pide Ãs autoridades palestinas o recoÃ±ecemento de XerusalÃ©n como capital Ãnica de Israel, descarta desmantelar os asentamentos que xa existen e establece a consideraciÃ³n de Israel como Estado xudeu. Aspectos todos eles que difÃ­cilmente serÃ¡n aceptados na sÃºa totalidade por parte dos palestinos, pero que poden posibilitarse debido Ã *realpolitik* e as incertezas e claroscuros do contexto actual en Oriente PrÃ³ximo.

A cambio, Trump promete un plan de investimentos avaliado en US\$ 50.000 millones de dÃ³lares durante 10 anos para fomentar o que denominou dun xeito rimbombante como “a prosperidade”. Unha prosperidade que non semella convencer aos palestinos. Este monto de investimentos repartirÃ¡se entre os territorios de Gaza e Cisjordania e paÃ­ses veciÃ±os como Xordania e Exipto, os Ãºnicos na rexion que, xunto con TurquÃ­a, recoÃ±ecen oficialmente ao Estado israelÃ­.

En perspectiva, o “histÃ³rico” acordo de Trump beneficia amplamente ao seu aliado israelÃ­, coa intenciÃ³n de neutralizar calquera acciÃ³n contraria. Neste sentido, a ANP deberÃ¡ recoÃ±ecer a Israel como “Estado xudeu”, descoÃ±ecendo asÃ­ a multietnicidade estatal que contempla a existencia de minorÃ­as Ãrabes, armenias, drusas e doutras orixes Ãtnicas e relixiosas.

Un recoÃ±ecemento, o do “Estado xudeu”, que figura como a ambiciÃ³n histÃ³rica de Netanyahu e do *establishment* polÃ­tico e militar israelÃ­, xa condicionado dentro do proxecto lanzado en 2010 polo propio Netanyahu de asegurar as “fronteiras histÃ³ricas” do Estado de Israel.

Ã mesmo tempo, este acuerdo estipula que o movemento islamita Hamas deberÃ¡ entregar as armas e desmilitarizar a Franxa de Gaza, territorio durante anos practicamente illado ao exterior onde o movemento islamita mantÃ©n o seu poder polÃ­tico. Finalmente, o asunto de garantir a XerusalÃ©n como a capital baixo soberanÃ­a isrelÃ­, con apertura relixiosa a tÃ³dolos credos, Ã© un punto espinoso que os palestinos difÃ­cilmente aceptarÃ¡n, cando menos sen condiciÃ³ns previas.

A soluciÃ³n de “dous Estados”, xa contemplado nos Acordos de Oslo de 1993, Ã© hoxe escasamente viable. Non obstante, Trump segue a apoiar as iniciativas israelÃ­s de apoderarse de colonias xudÃ­as en Cisjordania, algo que obviamente irrita aos palestinos.

“The Vision” prevÃ© igualmente a capital palestina en XerusalÃ©n Leste, onde Washington xa ten a sÃºa embaixada ao muda-la fai case un ano dende Tel Aviv. Nese momento, algÃºns analistas Ãrabes lograron prever, con aparente certitude, que a embaixada estadounidense en XerusalÃ©n Leste poderÃ­a presaxiar a posibilidade de que alÃ­ concretÃ¡rase a capital do futuro Estado palestino.

Obxectivo 2: IrÃ¡n e Rusia

“Os palestinos estÃ¡n na pobreza e a violencia, explotados por aqueles que buscan usalos como peÃ³ns para promover o terrorismo e o extremismo. Merecen unha vida moito mellor”, Trump *dixit*, nunha clara mensaxe dirixida a IrÃ¡n, patrocinador de grupos islamitas armados palestinos como a Yihad IslÃ¡mica, Brigadas de MÃ¡rtires de Al Qods e, con apoio mais ben polÃ­tico, ao propio HamÃ¡s.

Tanto como a IrÃ¡n, o acuerdo de Trump para Palestina ten outro obxectivo en mente: neutralizar a posiciÃ³n de Rusia en Oriente PrÃ³ximo. Unha posiciÃ³n ascendente dende a entrada rusa no conflito sirio en 2015.

Por mor do conflito sirio, Putin logrou hilvanar unha heteroxénea alianza con Turquía e Irán que permitiu asentar unha especie de *pax rusa* na rexión. A isto debe unirse a posición de China, a grandes resgos condescendente cos imperativos xeopolíticos de Putin.

Esta especie de “eixe euroasiático” manexado dende o Kremlin con apoio chinés é o obxectivo colateral que Trump busca neutralizar con este acordo en Palestina, tentando así recuperar a iniciativa de Washington na rexión. Outro tema ten que ver cos investimentos previstos no acordo para Palestina, que competirían coas iniciativas rusa e chinesa, entre outros países, por impulsar a reconstrución baixo proxectos lucrativos extensivos a Oriente Próximo.

Un apéndice: Venezuela

Outro escenario colateral do acordo de Trump en Palestina é precisamente Venezuela. A necesidade de illar aínda mais ao réxime de Nicolás Maduro é un imperativo xeopolítico para Washington, tomando en conta que o acordo de Palestina deixa preventivamente en “fóra de xogo” aos dous grandes aliados de Maduro: Rusia e Irán, beneficiando así aos dous dos seus inimigos de Maduro: EUA e Israel.

A xira internacional de Juan Guaidó deixa a Maduro nunha posición aínda mais decaída. Precisamente, esta xira ampliou as expectativas de Trump por illar aínda mais a Irán e aos seus aliados hemisféricos, neste caso Venezuela. Este acordo, aínda incerto porque precisa ratificarse precisamente por parte palestina, deixa a Maduro con menos marxe de manobra, aínda mais dependente do que decida o seu aliado Putin.

Neste sentido, resulta pouco probable que Putin tente unha manobra dilatoria e sorprendente porque, precisamente, o presidente ruso tense constituído nos últimos tempos, e grazas a súa intervención en Siria, como o único actor en Oriente Próximo con capacidade de interlocución con tódolos actores involucrados na rexión, a maioría rivais e inimigos entre si, como son os casos de Israel, Irán, Arabia Saudita ou Exipto, entre outros.

En menos dun mes, Trump logrou tres sucesos en política exterior enfocados en cercar a Maduro e o seus aliados: neutralizar a Irán coa morte de Soleimani; asegurar a xira exterior de Guaidó; e agora un acordo para Palestina. Nestes tres escenarios, directa ou indirectamente, Trump tivo en mente a sorte de Venezuela.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Medio

ETIQUETAS

Palestina Trump

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created

Xaneiro 29, 2020

Meta Fields

Autoría : 3713

Datapublicacion : 2020-01-29 00:00:00